



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DO 2017

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Concelleiros ausentes:**

Don Francisco García Dios.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e seis de xaneiro do dous mil dezasete, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total doce dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 24 DE NOVEMBRO DE 2016.**

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### **2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 20 DE DECEMBRO DE 2016.**

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria e urxente realizada o vinte de decembro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### **3.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE PADRÓN.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

<<Visto que o artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, esixe que todo ficheiro do que sexa titular unha administración pública que conteña datos de carácter persoal debe crearse, modificarse ou suprimirse mediante disposición de carácter xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Visto que o Concello de Padrón ten rexistrado no Registro General de Protección de Datos da Agencia Española de Protección de Datos cinco ficheiros cuxo contido precisa ser actualizado, ademais de engandir outros que se foron creando ao longo dos últimos anos, faise necesario aprobar a correspondente ordenanza municipal que os identifique e recolla os datos mínimos obrigados para cada un segundo a normativa actual.

Vista a proposta de ordenanza asinada o 13 de decembro de 2016 pola secretaria municipal e considerando que é o pleno o órgano competente para a aprobación de ordenanzas e regulamentos tal e como establecen os artigos 22.2.d. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL), e 64.2. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e


Considerando o procedemento de aprobación das ordenanzas recollido no artigo 49 da LBRL e no artigo 196.2. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

#### **Propoño ao Pleno:**

**Primeiro.** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón cuxo texto se recolle como anexo a esta proposta.

**Segundo.** Facer público o presente acordo mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial de Provincia da Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e abrir un trámite de información ao público e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días hábiles, contados desde o de publicación daquel anuncio no BOP, e durante o cal poderán presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

**Terceiro.** No suposto de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobada definitivamente esta ordenanza procedendo entón á publicación do acordo e do texto íntegro da mesma



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

tamén no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

## ANEXO

### ORDENANZA REGULADORA DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE PADRÓN.

A Constitución Española, no seu artigo 18, recolle como dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que *"a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos"*. Este dereito é desenvolvido posteriormente pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que establece un conxunto de medidas para garantir e protexer o seu contido, entre elas, que todo ficheiro das administracións públicas que conteña datos de carácter persoal só poderá crearse, modificarse ou suprimirse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Para as entidades locais o artigo 53 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da devandita lei orgánica, concreta que en canto á forma da disposición deberá estarse á súa lexislación específica, o cal nos remite directamente ao procedemento descrito no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para a aprobación das ordenanzas.

#### Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a creación, modificación, supresión e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Padrón e que se relacionan no Anexo I da presente ordenanza.

#### Artigo 2. Responsabilidade dos ficheiros.

A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón, corresponde ao propio Concello.

Consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no Anexo I particularmente para cada ficheiro.

#### Artigo 3. Contido.

De acordo ao establecido na normativa de aplicación para cada ficheiro que se crea indicarase:

- a) Nome do ficheiro.
- b) Responsable do ficheiro.
- c) Finalidade do ficheiro.
- d) Persoas interesadas.
- e) Orixe dos datos.
- f) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro.
- g) Destinatarios de cesións.
- h) Ante quen exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición.
- i) Nivel de seguridade do ficheiro.
- j) Sistema de tratamento.

Para todo ficheiro con datos de carácter persoal que se suprima indicarase o motivo ou motivos para a súa supresión, o destino da información que conteña e as medidas a adoptar para a súa destrución.

#### Artigo 4. Procedemento para a creación, modificación ou supresión dun ficheiro con datos de carácter persoal.

A iniciativa para a creación, modificación ou supresión dun ficheiro de datos de carácter persoal, corresponderá ao órgano titular ou departamento municipal no que se concreta a competencia sobre a materia a cuxo exercizo serve instrumentalmente o ficheiro.

Acceptada a iniciativa, emitiranse os informes oportunos, tramitarase como unha modificación da presente ordenanza e darase traslado á Agencia Española de Protección de datos para a súa inscrición no Registro General de Protección de Datos.

**Artigo 5. Finalidade e uso dos ficheiros.**

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Padrón é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos nos mesmos e na normativa de aplicación e por persoal debidamente autorizado.

**Artigo 6. Medidas de seguridade.**

O Concello de Padrón implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adaptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

**Artigo 7. Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos.**

As persoas afectadas polos ficheiros automatizados e manuais estruturados poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a administración responsable dos ficheiros, mediante escrito dirixido ao alcalde do Concello de Padrón que poderá ser presentado nas oficinas do rexistro municipal situadas na rúa Longa, 27, 15900 Padrón, A Coruña, ou ben no rexistro telemático da sede electrónica do Concello de Padrón ao que se pode acceder desde a páxina web do mesmo: [www.padron.gal](http://www.padron.gal).

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza, que consta de 7 artigos e unha disposición derradeira, entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ANEXO I**

**A) FICHEIROS A SUPRIMIR**

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>1. ALISTAMENTOS</b>
<b>MOTIVOS DA SUPRESIÓN DO FICHEIRO:</b>	Quedar en desuso o ficheiro.
<b>DESTINO DA INFORMACIÓN E PREVISIÓNS ADOPTADAS PARA A SÚA DESTRUCCIÓN:</b>	Custodia da documentación a disposición das administracións con competencia na materia.

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>2. CONTABILIDADE</b>
<b>MOTIVOS DA SUPRESIÓN DO FICHEIRO:</b>	registro de novos ficheiros.
<b>DESTINO DA INFORMACIÓN E PREVISIÓNS ADOPTADAS PARA A SÚA DESTRUCCIÓN:</b>	registro de novos ficheiros

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>3. NÓMINA</b>
<b>MOTIVOS DA SUPRESIÓN DO FICHEIRO:</b>	registro de novos ficheiros



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

<b>DESTINO DA INFORMACIÓN E PREVISIÓNS ADOPTADAS PARA A SÚA DESTRUCCIÓN:</b>	registro de novos ficheiros
--	-----------------------------

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>4. RENTAS</b>
<b>MOTIVOS DA SUPRESIÓN DO FICHEIRO:</b>	registro de novos ficheiros.
<b>DESTINO DA INFORMACIÓN E PREVISIÓNS ADOPTADAS PARA A SÚA DESTRUCCIÓN:</b>	registro de novos ficheiros.

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>5. PADRÓN</b>
<b>MOTIVOS DA SUPRESIÓN DO FICHEIRO:</b>	registro de novos ficheiros.
<b>DESTINO DA INFORMACIÓN E PREVISIÓNS ADOPTADAS PARA A SÚA DESTRUCCIÓN:</b>	registro de novos ficheiros.

## B) FICHEIROS A REXISTRAR

<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>1. PORTELO ÚNICO E REXISTRO DE ENTRADA E SAÍDA DE DOCUMENTOS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Rexistro de entrada de documentos dirixidos ao Concello de Padrón ou a outras administracións públicas e rexistro de saída de documentos municipais, procedemento administrativo.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns, residentes e solicitantes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal; outras administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico e sinatura.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓNS:</b>	Outros órganos da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas, das deputacións provinciais e outros órganos das administracións locais.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>2. PADRÓN DE HABITANTES</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Padrón de habitantes.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, sexo, nacionalidade, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, data de nacemento, lugar de nacemento, títulos académicos e profesionais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓNS:</b>	Instituto Nacional de Estadística, órganos da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Deputación Provincial da Coruña que necesiten datos do padrón de habitantes para realizar notificacións de ausentes; órganos xudiciais.

<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>3. PERSOAL</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Recursos humanos, xestión de nóminas e seguridade social.
<b>INTERESADOS:</b>	Persoas empregadas.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal; outras administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, número seguridade social, sinatura, saúde, características persoais, datos académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, Presidencia e Traballo e Benestar, órganos da Administración General de Estado, en concreto, o INEM.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Alto.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>4. CURRÍCULOS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Recursos humanos.
<b>INTERESADOS:</b>	Solicitantes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, detalles do emprego, imaxe.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Non se prevén.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>5. SERVIZOS SOCIAIS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Servizos sociais.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal; outras administracións.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, número seguridade social, tarxeta sanitaria, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, saúde, vida sexual, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)


[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Órganos xudiciais, outros órganos da Comunidade Autónoma de Galicia e Deputación Provincial da Coruña.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NÍVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Alto.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>6. DESENVOLVEMENTO LOCAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Asesoramento e axilio na tramitación de solicitudes e instancias sobre a procura de emprego, creación de novas empresas e promoción económica dos axentes que prestan no Concello coa finalidade de ser identificables polas persoas usuarias ás que se dirixen.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, características persoais, títulos académicos e profesionais, detalles do emprego.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Outras administracións públicas: Administración Xeral do Estado, a da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras administracións locais.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NÍVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>7. FORMACIÓN</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión de cursos de formación, educación e cultura.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, títulos académicos e profesionais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Outras administracións públicas: Administración Xeral do Estado, a da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras administracións locais.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NÍVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>8. XESTIÓN ECONÓMICA E SUBVENCIÓNS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión contable, fiscal e administrativa e xestión de subvencións.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Facenda Pública e Administración Tributaria, Tribunal de Contas, Consello de Contas, Órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, bancos, caixas de aforro e caixas rurais.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>9. RECADACIÓN</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Cobro de tributos municipais.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal e outras administracións.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, sinatura, datos económicos.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Facenda Pública e Administración Tributaria do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>10. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión de contratación de obras e/ou servizos para o Concello.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes, provedores.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Tribunal de Contas, Consello de Contas, órganos da Administración General do Estado: Ministerio de Facenda, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, entidades aseguradoras.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>11. LICENZAS E AUTORIZACIÓNS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión de licenzas de apertura, obras, espectáculos públicos, feiras ou actividades culturais, procedemento administrativo.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns, residentes e solicitantes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)


[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, número seguridade social, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, detalles do emprego, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Instituto Nacional de Estadística, órganos da Administración General do Estado: Ministerio de Fomento, Delegación de Gobierno, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Garda Civil, SGAE.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>12. URBANISMO E OFICINA DE REHABILITACIÓN</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión do planeamento, xestión e disciplina urbanística
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes e solicitantes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, datos económicos, financeiros e de seguros.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Órganos da Administración General de Estado: Ministerio de Fomento; órganos da Comunidade Autónoma de Galicia; Deputación Provincial da Coruña.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>13. REXISTRO DE INTERESES MEMBROS DA CORPORACIÓN</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión e control de conflitos de intereses dos membros da corporación municipal.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, sinatura, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, datos económicos.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Non se prevén.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>14. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Resarcir aos particulares das lesións producidas nos seus bens e dereitos polo funcionamento dos servizos municipais.

<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Outros órganos de Comunidade Autónoma de Galicia: Consello Consultivo; entidades aseguradoras.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>15. ELECCIÓN</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Selección dos membros das mesas electorais e xestión administrativa das eleccións.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, características persoais, títulos académicos e profesionais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Instituto Nacional de Estatística, órganos xudiciais, outros órganos da Administración do Estado: Ministerio de Interior; outros órganos de Comunidade Autónoma de Galicia: Presidencia.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>16. CULTURA E DEPORTES</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Educación e cultura, organización de eventos e actividades deportivas, de lecer e culturais.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Entidades privadas que colaboran na organización de actividades culturais e/ou deportivas, Deputación Provincial da Coruña, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia para solicitar subvencións.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>17. BIBLIOTECA</b>



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Educación e cultura.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, características persoais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Non se prevén.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>18. MEDIO AMBIENTE</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión de denuncias en materia de medio ambiente.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Fontes accesibles ao público, outras administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Órganos xudiciais, órganos da Administración General do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de medio ambiente para dar traslado das denuncias nesta materia a nivel estatal ou autonómico.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>19. REXISTRO CANINO E ANIMAIS PERIGOSOS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Procedemento administrativo, seguridade pública e defensa.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoa interesada ou o seu representante legal, outras administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, sinatura, correo electrónico, transaccións de bens e servizos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Outros órganos de Comunidade Autónoma de Galicia: Presidencia.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Medio.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>20. POLICÍA</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Seguridade pública e defensa.

<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoas interesadas ou o seu representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, datos económicos, financeiros e de seguros, saúde, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Órganos xudiciais, órganos da Administración General do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en seguridade cidadá para dar traslado das denuncias.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Alto.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>21. ESCOLA INFANTIL</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Xestión administrativa da escola infantil, xestión de prazas.
<b>INTERESADOS:</b>	Titores e menores.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoas interesadas ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, teléfono, sinatura, datos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, datos da unidade familiar, datos de saúde, imaxe.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Entidade privada encargada da xestión da escola infantil.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Alto.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>22. PARELLAS DE FEITO E MATRIMONIOS CIVÍS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Tramitación e rexistro das parellas de feito e matrimonios civís.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns e residentes.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoas interesadas ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, data de nacemento, sinatura.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Órganos xudiciais.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>23. OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Prestar os servizos de información a visitantes, organización de actividades lúdicas para a cidadanía do Concello e realización de enquisas para a elaboración de estatísticas.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns, residentes e visitantes do Concello.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoas interesadas ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, correo electrónico, teléfono, características persoais, circunstancias sociais.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Non se prevé.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.
<b>NOME DO FICHEIRO:</b>	<b>24. PROTECCIÓN CIVIL E SERVIZO EMERXENCIAS</b>
<b>RESPONSABLE DO FICHEIRO:</b>	Concello de Padrón.
<b>FINALIDADE DO FICHEIRO:</b>	Prestar servizos de protección e asistencia á cidadanía ante calquera tipo de emerxencia, desastre ou accidente e salvagarda do medio ambiente.
<b>INTERESADOS:</b>	Cidadáns, residentes, Garda Civil e Policía Local.
<b>ORIXE DOS DATOS:</b>	Persoas interesadas ou o seu representante legal.
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:</b>	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, características persoais, sinatura, saúde, tarxeta sanitaria.
<b>DESTINATARIOS DE CESIÓN:</b>	Garda Civil, Policía Local, Servizo Médico - 061, ambulancias privadas, servizos de bombeiros, xulgados, compañías aseguradoras e outros servizos de emerxencias e de protección civil doutros Concellos.
<b>PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:</b>	Concello de Padrón.
<b>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:</b>	Básico.
<b>SISTEMA DE TRATAMENTO:</b>	Mixto.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que vendo o informe de secretaría e unha vez resoltas na comisións informativa as dúbidas que tiñan, non van poñer ningún impedimento.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

#### **4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE A SINALIZACIÓN VERTICAL EN TODO O TERMO MUNICIPAL.**

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

#### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dun tempo a esta parte observamos un total desleixo e numerosas deficiencias na sinalización vertical dos diversos lugares, parroquias, puntos de interese turístico do municipio.

A situación é tal que a conservación e mantemento dos indicadores deixa moito que desexar, moitos deles están tirados no chan, outros rotos, outros faltan, outros están mal orientados (incumprindo a súa función), outros están sen limpar dende fai anos, dando unha imaxe impropia dun concello declarado de interese turístico.

Unha vila que se prece de ser respectuosa co seu territorio e os seus monumentos e lugares de interese turístico debe conservar a súa sinalización en perfecto estado de revista e que esta cumpra coa funcionalidade que se lle supón.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Que o pleno da corporación tome acordo para instar do goberno que proceda corrixilas deficiencias enumeradas no corpo expositivo e referidas a sinalización en todo o termo municipal e manteña esta sinalización vertical en perfecto estado de revista para que cumpra axeitadamente coa función que se supón debe ter non é outra que informar e non confundir rematando cunha situación de desleixo prolongada no tempo.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Couso Dopazo. Di que están a favor e que son conscientes do estado da sinalización que reflicte o pobo e que están traballando niso e solicitando orzamentos para valorar e pedir as axudas e subvencións que procedan dado que algunhas non son ao 100% e o Concello ten que poñer algunha parte.

Sr. Santaló Ríos. Di que está totalmente de acordo e que se debería aproveitar para proceder á revisión da normalización lingüística e revisar tamén as incongruencias cos sinais de limitación de velocidade como xa ten comentado o señor Forján Seoane.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera o dito polo voceiro do BNG e que se debería aproveitar e revisar tamén as que teñen que ver coa seguridade viaria, como xa se comentou na comisión informativa, como poden ser os espellos de visión ou outro tipo de sinais verticais de indicación de seguridade vial.

Sra. Rey Pazos. Di que tamén está de acordo con esta moción e únese á petición que acaba de facer anteriormente o compañeiro e que xa se fixo como rogos en anteriores plenos. Recorda que hai unha ordenanza do uso do galego que obriga a poñer estes sinais en galego e solicita o cumprimento desa ordenanza.

Sr. Forján Seoane. Di que están de acordo pero, despois de escoitar á señora concelleira, di que esa música xa lle soa de maio de 2016 porque xa ían facer e xa ían mirar cunha moción que se aprobou por unanimidade onde se pedía a sinalización do camiño e o resto das sinalizacións e outra moción onde as pistas agrícolas teñen a sinalización de 20 km/h e na zona da vía férrea colocaron sinais de 50 km/h, cando a normativa di que teñen que ser de 20 km/h. Que nesta liña xa se presentaron varias mocións e a resposta sempre é a mesma.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

#### **5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE A AMPRIACIÓN DO CEMITERIO DO SANTIAGUIÑO DO MONTE.**

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O núcleo de Padrón-iria conta con tres cemiterios un eclesiástico Adina en Iria e dous municipais o da Matanza en Padrón e o do Santiaguíño do Monte. Os dous primeiros, sen posibilidade de ampliación non



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

poden dar resposta á demanda de nichos no primeiro e de nichos e panteóns no segundo queda pois o do Santiaguíño que si podería cubrir esta demanda pero precisa dunha ampliación.

Con tal obxecto no mandato 2007-2011 o goberno do que formabamos parte abriu unha lista de solicitudes para comprobala necesidade e viabilidade de acometer esta ampliación, o certo é que unha vez que saímos do goberno municipal nunca mais volvemos a saber da citada lista, nin dos plans do goberno municipal do PP ao respecto. Coa finalidade de retomar un dos asuntos municipais que quedaron enriba da mesa encouzalo e dar respostas e solucións ao que consideramos unha demanda da veciñanza, traemos esta moción a debate da corporación.

Somos conscientes que a citada ampliación pasa por dous trámites imprescindibles: primeiro coñecer si existe demanda coa que xustificala ampliación e segundo chegar a un acordo coa comunidade de montes de Extramundi, propietaria dos terreos necesarios para levala adiante o proxecto en caso de demanda.

É polo que se **PROPÓN** o seguinte **ACORDO DE RESOLUCIÓN**:

a.- Que o goberno municipal abra un período de inscrición para que se apuntes tódalas persoas que estiveran interesadas en poder posuír un panteón no Santiaguíño do Monte.

b.- Que o goberno municipal se poña en contacto coa comunidade de montes de Extramundi co obxecto de intentar chegar a un acordo para a cesión de terreos necesarios cos que acometela ampliación do cemiterio, en función da demanda existente.

c.- Unha vez pechado o período de inscrición (2 meses) o goberno municipal nos informe dos resultados acadados tanto pola apertura da lista como polos contactos coa comunidade de montes en man común, co obxecto de instar a redacción dun proxecto de ampliación e ver vías de financiación para a súa execución.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Pardo Andrade. Comenta que falou hoxe cun membro da Comunidade de Montes e dixo que o prazo está prescrito pero que van ter unha assemblea e non se sabe si continuarán os mesmos ou vai entrar unha nova xunta directiva. Entende que hai que esperar e despois negociar con esa xunta a cesión dos terreos. Que agora mesmo non hai con quen falar por esa cesión pero está de acordo con que a lista podería publicitarse e que a xente se vaia apuntando.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se debería abrir a lista no Concello porque en función da xente que se apunte se irán vendo as necesidades e a demanda existente.

Sr. Santaló Ríos. Parécelle que é necesario coñecer cal é a demanda e ver as necesidades dos veciños de Padrón.

Sr. Forján Seoane. Di que están de acordo e que é un tema que xa levaron a pleno máis veces e vólvelle a estrañar outra vez a resposta que acaba de dar o concelleiro do grupo de goberno de que hoxe falou cun membro da Comunidade de montes, porque esto xa se levou a pleno fai máis dun ano.

Sr. Pardo Andrade. Aclara que hoxe por segunda ou terceira vez.

Sr. Forján Seoane. Di que sempre fala cando se lle recordan os temas e se lle volverá olvidar. Recorda que teñen unha relación de máis de cen persoas que no seu momento dixeron estar interesados en ter aí un nicho.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora secretaria se alguén veu ese listado.

Sra. Secretaria. Contesta que ela, concretamente, non.

Sr. Forján Seoane. Insiste que si o había e que os funcionarios teñen que saber que si existía.

Sr. Alcalde. Di que non hai problema e ábrese un listado novo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

#### **6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE AS CHAMADAS TELEFÓNICAS ÁS OFICINAS MUNICIPAIS.**

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

##### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Chamar por teléfono as oficinas municipais do concello e contactar coa unidade administrativa correspondente converteuse para os administrados nunha tarefa farto difícil e un gran negocio para a compañía adxudicataria da telefonía en dependencias municipais.

Despois de esperar un tempo, sáltalle o buzón de voz, dende o cal unha voz feminina se repite a intervalos de minuto: *"Si usted quiere contactar con la unidad X marque el ascerisco"*. Transcorrido o minuto sen resposta volve a reiterar o buzón de voz en perfecto castellado *"si usted quiere contactar con la unidad X marque el ascerisco"*.

Polo que se ve neste concello cun Regulamento de uso do galego aprobado no mandato 2007/11, no 2017 aínda non está en vigor nas liñas telefónicas municipais. Que lle imos facer?. Non podemos enfadar á operadora non vaia ser que nos tome a matrícula e nos baleire o peto, que xa bastante baleiro está, a base de esperar para poder contactar coa unidade administrativa coa que temos que consultar ou arranxar calquera problema prantexado. Ou no peor dos casos nos resposte en ruso e non nos enteremos de nada, non sei cal das dúas cousas será peor?.

Retranca a parte o certo é que debese por remate a esta situación.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Que o goberno municipal se dirixa á compañía adxudicataria para que esta proceda a dar maior fluidez as chamadas telefónicas e a ser posible en galego, se lles parece? Por que nesta lingua aínda nos entendemos e así como non cumprimos co Regulamento de uso do galego aprobado pola corporación.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Di que efectivamente os contestadores telefónicos son todos en castelán e aproveita para pedir que se soliciten as subvencións da Deputación para normalización lingüística que estaban convocadas e serían de gran axuda para ir mellorando e ir cumprimentando ese Regulamento do uso do galego.

Sr. González Pardal. Pregunta se hai algún tipo de conversa coa compañía R.

Sr. Alcalde. Pensa que si, que hai presupostos e que de feito o contestador de R é en galego.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

#### **7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE VECIÑOS SOBRE O PREGÓN DAS FESTAS DE PASCUA.**

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.es](http://www.padron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén pon en dúbida a día de hoxe que as festas de Pascua son un dos festexos máis importantes que se celebran na nosa vila e que contan cunha tradición de séculos de antigüidade. Definida polo señor Alcalde como "unha celebración especialmente enraizada na nosa vila e a súa contorna, e que conta cunha importante proxección no resto de Galicia".

Un dos momentos máis destacables destes festexos é un Pregón de inauguración que ten lugar o Sábado de Pascua.

Non podemos negar que desde o goberno do Partido Popular co Señor Villamor cambiaron considerablemente, e ao noso entender de forma positiva, os criterios á hora de escoller á persoa encargada de tal relevante discurso para todos os veciños e veciñas.

Con todo, chamounos a atención poderosamente que nos últimos 11 anos o Pregón de Pascua foi encargado exclusivamente a homes. Ningunha muller pronunciou este discurso desde o ano 2005 en que a encargada de facelo foi Natalia, concursante de Operación Triunfo.

A Veciños de Padrón non lle cabe a menor dúbida de que o noso Concello conta con mulleres dabondo de igual relevancia ou mesmo máis, sen ánimo de desprestixiar aos pregoeiros dos últimos anos, merecedoras de tal honra xa sexa pola súa profesión, actividade, prestixio, vinculación co Concello de Padrón, etc.

Por todo o exposto, considerando que a sociedade actual non debe tolerar este tipo de discriminación e debe poñer medidas para evitala, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que o Pregón das Festas de Pascua do ano 2017 sexa pronunciado por unha muller elixida conforme aos criterios utilizados na elección do pregoeiro dos últimos anos e vinculada co Concello de Padrón.
- 2.- Que o Pregón das Festas de Pascua sexa pronunciado de forma alterna por unha muller e un home, é dicir, un ano unha muller e un ano un home.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que dou conta que nos últimos 11 anos as persoas que deron o Pregón eran homes e a última muller en dalo foi Natalia de Operación Triunfo, no ano 2005. Que é verdade que desde o fin do goberno do señor Villamor cambiaron os criterios para mellor, pero pide que se dé un paso máis e se inclúan ás mulleres como pregoeiras e por iso pide que este ano sexa unha muller quen dea o Pregón e que despois se estableza unha alternancia de un ano un home e un ano unha muller para evitar que pasen 11 anos no que só homes dean o Pregón.

Sra. Couso Dopazo. Di que no primeiro punto está totalmente de acordo en que sexa unha muller quen dé o Pregón este ano do 2017, pero que discrepa un pouco máis no segundo punto porque ao mellor hai alguén que sae galardonado por calquera logro e podería darse dous anos consecutivos a un home ou a unha muller.

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que, en canto ao primeiro punto, é unha decisión do goberno municipal e si é unha muller mellor que mellor, pero no segundo non está de acordo con que teña que ser alterno porque o principio de representatividade e igualdade non se fai máis efectivo porque se escolla esa maneira de facer as cousas.

Sr. Santaló Ríos. Di que tamén comparte o obxectivo no primeiro punto pero no segundo parécelle que é un encorsetamento porque poderían ser que se deran tres anos consecutivos de mulleres. Que lle parece unha limitación para o goberno ao que corresponda.

Sr. Rodríguez Conde. Di que a resposta da concelleira con respecto ao segundo punto é coherente porque limitaría a algunha persoa que levara un galardón para dar o pregón ese ano. Que están de acordo en canto ao primeiro punto porque dí que é verdade que levan anos sen que unha muller dea o Pregón.

Sr. González Pardal. Di que está de acordo cos seus compañeiro pero espera a que a señora Rey Pazos dea unha explicación.

Sr. Forján Seoane. Di que tamén está de acordo e que, como dixo xa na comisión informativa, no segundo punto debería por "preferentemente" porque así estanse pechando outras alternativas.

Sra. Rey Pazos. Aclara que para nada son pechados nese senso e entenden que si unha muller gaña un premio Nobel e ese ano lle toca a un home, podería cambiarse. Que igual é verdade o de poñer "preferentemente" e que non ten ningún problema en emendala, pero durante 11 anos se esqueceron das mulleres e quere que haxa algún tipo de acordo plenario ou de compromiso por parte de todos, governe quen governe, que as mulleres van ser tidas en conta exactamente igual que os homes. Que se trata de evitar un desequilibrio que existiu durante once anos. Pon de exemplo as listas electorais e que esta moción vai nesa liña: darlle presenza ás mulleres nun mundo de homes no que non se lle está dando presenza, e que de feito se pode ver no Pleno de Padrón no que só hai 2 mulleres. Entende que polo tanto si existe esa discriminación, que non necesariamente ten que ser consciente e manifesta que ela nunca sentiu ningún tipo de discriminación por parte dos seus compañeiros.

Seguidamente as señora Rey Pazos entrega ao señor Alcalde e á señora concelleira Couso Dopazo un sobre coa súa candidatura a pregoeira das festas de Pascua 2017.

Sr. Alcalde. Abre o sobre e di que hai unha candidatura. Pregunta á señora secretaria si se pode emendar a moción no punto segundo.

Sra. Secretaria. Contesta que as emendas se teñen que presentar por escrito e antes do debate.

Sra. Rey Pazos. Di que é cuestión dunha palabra "preferentemente".

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Cinco (5), emitidas polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

VOTOS EN CONTRA: Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitida polo concelleiro do PGD, señor Rodríguez Conde, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción de Veciños de data 16 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

Sr. Forján Seoane. Explica o seu voto entendendo que é preferentemente, aínda que na moción non figura.

Sr. Alcalde. Aclara que non só preferentemente, senón que tamén é competencia do goberno municipal.

## **8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE O INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE PADRÓN.**

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O inventario municipal é unha ferramenta que facilita o rexistro, manexo e control dos bens das entidades



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

locais.

O actual inventario do concello de Padrón data da década dos anos 70 do século pasado sendo necesario proceder a formación dun novo actualizándoo non so nos bens senón tamén nas súas valoracións claramente desfasadas.

Unha xestión eficiente deste recurso implicará un beneficio que garanta o interese xeral para o conxunto da cidadanía e permita coñecer en todo momento o patrimonio coa finalidade de conservalo e protexelo, facendo un instrumento eficiente de xestión e control dos bens municipais.

Cando no mandato 2007/2011 desempeñei responsabilidades de goberno, atopeime moitas veces con dificultades para dirimir si determinados bens inmobles pertencían ou non ao concello ao obxecto de solventar, clarificar e solucionar litixios cos administrados por presuntan ocupacións de bens que sempre se consideraron públicos e ao carecer de documentos clarificatorios (planimetría, títulos de propiedade) estes bens ou problemas quedaban nunha indefinición, moi ao meu pesar.

Outro tanto acontecia cos bens mobles de carácter histórico e artístico algúns destes últimos en depósito pero que non constaban no inventario actual por razóns descoñecidas.

Co fin de clarificar, actualizar e por fin a esta situación de indefinición faise preciso que por parte dos servizos técnicos do concello se proceda a indentificar planimetricamente, así como a reflectir no inventario: adquisicións, vendas, permutas, servidumes, alteracións de cualificación xurídica dos bens desta entidade local e calquera outra circunstancia que corresponda.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Que o pleno da corporación, por ser o órgano competente para elo, en base aos artigos 22.2.q da LBRL e 34 do RBEL acorde por maioría simple a formación, actualización e posterior aprobación dun novo inventario de bens do concello de Padrón no prazo de tempo máis breve posible e que esta aprobación se realice dentro da anualidade 2017.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que no ano 2008 o señor Forján Seoane, sendo alcalde, fixo un escrito solicitando unha subvención á Deputación para a formación do Inventario. Que o 4 de outubro do 2011 el volveu reiterar a solicitude para a fase de elaboración dos Inventarios de bens municipal á Deputación e finalmente no ano 2016 deron esa subvención, que contrata directamente a Deputación e contratou á empresa INCOSA. Que segundo o Prego de prescricións técnicas é para a elaboración do Inventario no Concello de Padrón de inmobles, dereitos reais, mobles de carácter histórico, artístico e de considerable valor económico, valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación, vehículos, semovintes, bens mobles non comprendidos nos anteriores epígrafes e bens e dereitos reversibles. Pensa que no tema dos camiños vai un pouco coxo e ao mellor teríase que completar. Que agora mesmo o están elaborando.

Sr. Rodríguez Carbia. Insiste que no acordo resolutivo trátase de facer un Inventario completo non un Inventario parcial. Que lle gustaría que se lle dera copia dos pregos. Que o problema está nas masas comúns e os camiños que é onde xurden a maior parte dos problemas porque non se pode tomar unha decisión inxusta e incurrir en responsabilidades.

Sra. Secretaria. Contesta, co permiso do señor Alcalde, que si están incluídos os camiños pero nunha reunión explicativa que houbo entre a empresa, a Deputación e o Concello, plantexouse que os camiños foran cun nivel de detalle e pensa que non van ir con ese detalle porque van recoller só aqueles que están na enquisa de infraestruturas locais da Deputación que é bastante completa pero pode ser que haxa algún que non esté.

Sr. Alcalde. Di que haberá que completalo e eses que se incluán levaranse a pleno e incluílos mediante votación do pleno.

Sr. Rodríguez Carbia. Puntualiza que antes de levarlos a pleno haberá que facer as comisións informativas correspondentes porque hai unha serie de bens de interese histórico artístico, dos que el ten un inventario feito, que son titularidade do Concello e algúns están en mans privadas e habería que intentar recuperalos e, aínda que queden no seu sitio, que consten no Inventario que son titularidade do concello. Insiste tamén no tema de recoller todos os camiños.

Sr. Santaló Ríos. Di que todos os que están presentes son conscientes do imprescindible que é ter un Inventario.

Sr. Rodríguez Conde. Di que o PGD xa ten presentado algunha moción nese senso.

Sr. Alcalde. Lembra que o voceiro do PGD tamén ten un escrito presentado en setembro do 2011, que se esqueceu de dicilo antes.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**9.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS.**

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

**<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**


O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes feitos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impositiva da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impositiva é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravas a utilidade que lle reporta ás



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que a moción ven motivada por cinco sentenzas do Tribunal Supremo que avalan que os concellos graven ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local, e que á vista deste aval legal piden que realicen os estudos para aprobar unha ordenanza fiscal reguladora dunha taxa.

Sr. Alcalde. Comenta que xa están traballando neso. Que a última sentenza en saír foi a do Tribunal Supremo do 21 de decembro do 2016. Que o máis difícil é o estudo de costes e terá que facelo unha empresa especializada. Que algúns concellos quixeron facer isto pero botáronlla abaixo dicindo que era unha ordenanza tipo e non estaba individualizado o estudo de costes. Que están co estudo para facer unha ordenanza, xa que non se pode facer unha ordenanza tipo porque a botarían abaixo.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está de acordo coa mocion e engade que é unha maneira de presionar co tema das liñas eléctricas que sobrevoan os terreos para obrigar que cumpran coa normativa e as soterran e nesa mesma ordenanza fiscal se podería establecer dous tipos de prezos ou taxas.

Sr. Alcalde. Comenta que de acordo coa nova normativa urbanística, todo o que esté en rústico hai que soterralo xa e en urbano onde sexa posible.

Sr. Rodríguez Conde. Di que está de acordo, pero que non vaia ser despois que veña repercutido esa subida nos veciños.

Sra. Rey Pazos. Di que, como xa comentou na comisión informativa, a súa preocupación é que ao final estas eléctricas, que teñen mecanismos suficientes, dalgunha forma repercutan esas taxas de forma indirecta nos consumidores.

Sr. Santaló Ríos. Cree que hai dous aspectos: un, que é o primeiro paso para o encauzamento, de por coto a esas empresas, e segundo é como si pasan por unha finca particular e din que van repercutir, pero eles primeiro que paguen.

Sra. Rey Pazos. Cree que todos están de acordo sobre a taxa, pero a preocupación é que as eléctricas non está a este nivel senón que está a nivel estatal e haberá que porlle outras trabas máis importantes e que realmente sexan os cidadáns os beneficiarios.

Sr. Santaló Ríos. Di que isto é o que toca agora e por iso a trouxo aquí.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o

seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción de BNG presentada o 13 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

#### **10.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS DO PGD, PSDEG-PSOE, VECIÑOS E AxP SOBRE A HUMANIZACIÓN DA ZONA SITUADA DETRÁS DO CAMPO DE FÚTBOL.**

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada conxuntamente polo PGD, PSdeG-PSOE, VECIÑOS e AxP e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

##### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Durante moito tempo os residentes, propietarios e propietarias, comerciantes e hostaleiros e hostaleiras da zona situada detrás do campo de fútbol (rúa Travesía Campo da Feira, Noirmoutier, Mollet del Vallés e Rianxo) manifestaron o seu malestar polo abandono sufrido polo goberno do Partido Popular. Reiteraron en múltiples ocasións as súas queixas sobre o estado no que se atopa a zona con falta de iluminación, accesos peonís adecuados, mantemento do pavimento, beirarrúas estreitas, etc. Istofaique sintan que non forman parte do pobo. E non podemos obviar nin esquecer que este sentir vese agravado pola "frontera" que o propio campo de fútbol parece crear entre o centro histórico e esta zona.

Destacar ademais que se trata da zona pola que os Peregrinos do Camiño Portugués acceden á Vila de Padrón e isto debería ser un motivo a maiores para que se dediquen a esta zona recursos suficientes para adecuala e mantela nun estado apropiado e agradable tanto para os veciños e veciñas como para os peregrinos que visitan o noso pobo.

Por todo o exposto, e coa intención de dar cabida ás reclamacións da cidadanía e por consideralo absolutamente necesario os partidos asinantes, propoñemos os seguintes

##### **ACORDOS:**

- 1.- Redación dun proxecto para a humanización da zona situada detrás do campo de fútbol.
- 2.- Destinar os recursos necesarios para levar a cabo a actuación recollida no primeiro punto.>>

Non habendo ningunha intervención o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada conxuntamente polo PGD, PSdeG-PSOE, VECIÑOS e AxP de data 17 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

#### **11.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG CONTRA A EXCLUSIÓN SANITARIA IMPOSTA POLO REAL DECRETO LEI 16/2012, PETICIÓN DA SÚA DERROGACIÓN E RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA SANITARIO.**



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

## <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro ("Dos principios reitores da política social e económica"). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-Lei 16/2012 *de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións*, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do *Sistema Nacional de Saúde*. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do *Sistema Nacional de Saúde*.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao *Sistema Nacional de Saúde*, supeditando o mesmo á condición de "asegurado/asegurada" ou "beneficiario/a". Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do *Sistema Nacional de Saúde*. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio do estado de persoas que viron vulnerado o seu dereito á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galiza non é unha excepción en son múltiples os casos de vulneración que reportan as organizacións sociais.

Xa dende o momento da súa aprobación, o RDL 16/2012, foi contestado dende algunhas comunidades autónomas que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varias comunidades autónomas aprobaron decretos, instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas non foron suficientes para reverter as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-Lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance estatal que leve implícita a derogación do Real Decreto-Lei 16/2012.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

- Instar á Xunta de Galiza a non aplicación do Real Decreto-Lei 16/2012 no noso país.
- Instar ao Goberno do estado a derogar o Real Decreto-Lei 16/2012.
- Enviar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do estado e portavoces dos grupos do Parlamento galego.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que é unha moción reiterativa porque xa foi presentada antes polo PSOE e é un rexeitamento da política sanitaria que está levando o PP e que está deixando a moita xente na beirarrúa coa aplicación deste Real Decreto: emigrantes ou menores de 26 anos que non se declaren en desamparo. Que ademais está abrindo a porta á privatización da sanidade e vese como ultimamente a publicidade das

compañías aseguradoras aumentou.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG presentada o 23 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## **12.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA AO INCUMPRIMENTO DE ACORDOS PLENARIOS.**

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de xaneiro de 2017, que di:

<<Exposición de motivos:

En pleno foron aprobadas mocións, propostas, presentadas polo Grupo Municipal Socialista sin que o goberno municipal executara os acordos adoptados.

En outros casos, queremos supoñer que fixeron xestións, pero non informaron das actuacións realizadas, nin ao Grupo Municipal Socialista nin ao Pleno da Corporación, órgano que adoptou os acordos.

Sirvan de exemplo as mocións que de seguido se reseñan, desde o pleno ordinario celebrado o 31.10.13:

31.10.13

Moc. Sobre degradación casco histórico:

- Aplicación ordenanza xeral de limpeza e ornato público.
  - Actualización do estudo de servación dos edificios do casco histórico.
  - Elaboración dun ficheiro cos edificios, en mal estado, das aldeas do concello de Padrón.
  - Elaboración dun plan para evitar que sigan derrubándose edificios.
- Aprobada co abstención do PP

28.08.14

13.- Moción presentada polo grupo político municipal PSOE instando a limpeza da zona da canle que tería que estar axardinada con bancos e aparellos de ximnasia.

14.- Moción presentada polo grupo político municipal PSOE instando a reparación dos parques infantís de titularidade municipal.

23.12.14

10.- Moción PSdeG-PSOE relativa á suciedade contenedores e o seu entorno.

12.- Moción PSdeG-PSOE relativa á limpeza e mantemento de beirarrúas

Abstc. PP            resto si



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

14.- Moción PSdeG-PSOE relativa á colocación de carteis no mobiliario público e en fachadas de vivendas.

Abstc. PP resto si

16.- Moción PSdeG-PSOE relativa ao acondicionamento e mantemento dos parques si

18.- Moción PSdeG-PSOE relativa ás sinais de tráfico si

19.- Moción PSdeG-PSOE infantís Abstc. PP resto si

26.02.15

PsdeG-PSOE -Reparación inmediata peche CEIP RdeC. Unanimidade.

PsdeG-PSOE – Aplicación ordenanza ornato público e cumprimento acordos plenarios.

30.02.15

Moc. PsdeG-PSOE sobre a falla de sinalización do acceso á estación Padrón-Barbanza. Unanimidade

24.09.15

6.- Moción do grupo municipal PsdeG-PSOE sobre "Ocupación do cauce do río Sar por troncos de árbores"

Unanimidade

-Moción do grupo municipal PsdeG-PSOE sobre falta de mantemento do mobiliario público e de aplicación da ordenanza xeral de limpeza e ornato público. 8 si 5 abstc. PP

-Moción do grupo municipal PsdeG-PSOE sobre lamentable estado en que se atopa o entorno da igrexa de Iria Flavia. 8 si 6 abstc. (5) PP (1) CIPa

26.11.15

4ª PGD/PSdeG-PSOE/AXP/BEG/CIPa, sobre documentación para a adxudicación do servizo de alumeado público. Unanimidade (12)

7ª PsdeG-PSOE, sobre o abandono e deterioro dos edificios do casco urbano e da zona rural. Unanimidade

8ª PsdeG-PSOE, sobre a falta de mantemento das instalacións do Santiaguíño do Monte. Moc.Unanimidade

20.01.16

8.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, AxP, BNG e CIPa sobre medidas a adoptar no casco histórico. Abstc.PP

9.- Moción PsdeG-PSOE sobre falla de mantemento dos contedores e anclaxes dos mesmos. Si

10.- Moción PsdeG-PSOE sobre a presenza de feces/excrementos de cans nas rúas. Abstc. PP

31.03.16

23.- Moc.PSOE relativa ao horario de apertura do cuartel da Guardia Civil, número de axentes e patrullas pola zona rural. Unanimidade.

20.01.16

8.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, AxP, BNG e CIPa sobre medidas a adoptar no casco histórico. Abstc.PP

9.- Moción PsdeG-PSOE sobre falla de mantemento dos contedores e anclaxes dos mesmos. Si

10.- Moción PsdeG-PSOE sobre a presenza de feces/excrementos de cans nas rúas. Abstc. PP

11.- Moción PsdeG-PSOE sobre inundación. Si

15.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, AxP, BNG, CIPa sobre falla de elaboración dos orzamentos. Si Non-PP

31.03.16

23.- Moc.PSOE relativa ao horario de apertura do cuarteres da Guardia Civil, número de axentes e patrullas pola zona rural. Unanimidade.

20.01.16

8.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, AxP, BNG e CIPa sobre medidas a adoptar no casco histórico. Abstc.PP

9.- Moción PsdeG-PSOE sobre falla de mantemento dos contedores e anclaxes dos mesmos. Si

10.- Moción PsdeG-PSOE sobre a presenza de feces/excrementos de cans nas rúas. Abstc. PP

11.- Moción PsdeG-PSOE sobre inundación. Si

15.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, AxP, BNG, CIPa sobre falla de elaboración dos orzamentos. Si Non-PP

20.01.16

18.- Moción PGD, PsdeG-PSOE, Veciños, AxP, BNG, CIPa sobre modificación do Regulamento Orgánico Municipal.

31.03.16

23.- Moc.PSOE relativa ao horario de apertura do cuarteres da Guardia Civil, número de axentes e patrullas pola zona rural. Unanimidade.

26.05.16

5.- Moc. PsdeG-PSOE sobre a falla de sinalización do acceso á estación Padrón-Barbanza. Si todos 11

6.- Moc. PsdeG-PSOE sobre as actuacións aprobadas en pleno sobre conservación dos edificios do casco urbano de Padrón. Si 5 (3PSOE-1Veciños-1BNG) Abstc 6 (5PP-1CIPa)

7.- Moc. PsdeG-PSOE sobre a deficiente conservación das sinais e indicadores de lugares, límites de velocidade, do Camiño... Si 6 (2PSOE-1Veciños-1AxP-1BNG-1CIPa) 5 Abstc.PP

8.- Moc. PsdeG-PSOE sobre o efecto negativo que causa a propios e visitantes o estado de moitas fachadas de edificios de case tódalas rúas do casco, debido a que hai quen se dedica a pintar, impunemente, sobre elas con sprais. Si 6 (2PSOE-1Veciños-1AxP-1BNG-1CIPa) 5 Abstc.PP

9.- Moc. PsdeG-PSOE sobre a falla de conservación e mantemento do entorno da igrexa de Santa María de Iria Flavia (Iria). Si 6 (2PSOE-1Veciños-1AxP-1BNG-1CIPa) 5 Abstc.PP

29.09.16

3.- Moc. PsdeG-PSOE Mellora do servizo do PAC (Punto de Atención Continuada de Padrón). Unanimidade

24.11.16

10.- Moc. PsdeG-PSOE, vertido ás rúas da auga dos tellados. 8 si Abstc. 3 PP

11.- Moc. PsdeG-PSOE, abandono e deterioro edificios casco urbano e zona rural. 8 si Abstc. 3 PP

21.- Moc. PsdeG-PSOE, falla de mantemento das pistas polideportivas e áreas recreativas. 8 si Abstc. 3 PP

Polo exposto, sometemos a aprobación do pleno o seguinte acordo:

Instar ao alcalde e grupo de goberno (PP) ao cumprimento das mocións arriba reseñadas.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Explica que hai como 20 ou 30 acordos plenarios que se adoptaron, uns por unanimidade e outros por maioría, e que non se chegan cumprir nunca.

Sr. Alcalde. Contesta que moitas están cumpridas.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Replica que daquela maneira e que hoxe o puideron comprobar porque aprobouse instar aos propietarios de edificios que teñen os canalóns en mal estado e hai algún canalón que verte directamente á vía pública. Que as dos sinais xa se levaron a pleno catro veces e hoxe é a quinta e segue sen cumprirse e coma esa moitas máis que non vai enumerar porque son un montón.

Sr. Alcalde. Contes que moitas se poden e outras non se poden.

Sr. Forján Seoane. Comenta que a dos canalóns si se pode.

Sr. Alcalde. Contesta que depende da carga de traballo que hai en urbanismo ou na oficina de rehabilitación.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que eles xa nalgunha ocasión tiñan feito unha relación sobre corenta mocións presentadas por todas as formacións e a maioría non se tiñan resolto.

Sr. Alcalde. Di que son demasiadas corenta e que ao mellor hai que esixir menos.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que moitas veces, como pasou o outro día na comisión informativa, din "precisamente hoxe..." e iso chámalle a atención.

Sra. Rey Pazos. Di que ao señor Alcalde parécenlle moitas mocións, pero si o señor alcalde fixera o seu traballo eles non terían que meter tantas mocións. Reitera que se están aprobando mocións que non se cumpren e iso é a su obriga, como por exemplo a das beirarrúas de formigón nas pistas cando se reformaron e non se está cumprindo.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta onde veu unha cuneta con formigón nas aldeas.

Sra. Rey Pazos. Contesta que hai que sair un pouco de aquí e ver mundo.

Sr. Alcalde. Insiste que pode pedir que sexan de porcelanosa, pero si non se pode, non se pode.

Sra. Rey Pazos. Replica que a idea destas cunetas non é porque si, senón que é porque a propia maleza levanta o asfalto e a estropea e así afórrase en mantemento. Que está aprobada e hai que facelo.

Sr. Alcalde. Di que si non se pode, non se vai facer, que é diferente ás que está mencionando o señor Forján Seoane.

Sr. González Pardal. Pide que se cumpra o que se poida.

Sr. Forján Seoane. Di que as baixantes ten un custo cero.

Sr. Alcalde. Contesta que os arquitectos teñen que facer informes.

Sr. Forján Seoane. Replica que os expedientes sancionadores teñen un custo cero e que hai un montón delas que teñen un custe cero.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que tamén ten custe cero unha que presentaron eles para a creación dunha comisión de seguimento dos Concilias.

Sr. Alcalde. Contesta que non é custe cero porque as comisións teñen un custe.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e

señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do PSdeG-PSOE de data 23 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

### **13.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 15-17/2016.**

Considerando que ten entrado en vigor o 31/12/2013 a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, publicada no Boletín Oficial do Estado número 312, de 30/12/2013.

Considerando que dita norma regula no seu artigo segundo as modificacións introducidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que a redacción do apartado terceiro do dito artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é do seguinte tenor literal:

*<< Tres. El artículo 218 queda redactado como sigue:*

*<< Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias*

- 1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*


*Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.*

*El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.*

- 2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*
- 3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local.>>*

En cumprimento do mandato legal recollido no artigo precedente, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal:

- Resolución do Alcalde número 732/2016 , de 13 de decembro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

15/2016, de 12 de decembro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 93.731,40 €.

- Resolución do Alcalde número 756/2016, de 22 de decembro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 16/2016, de 22 de decembro, interposto contra a aprobación das nóminas do mes de decembro do 2016 por importe total bruto de 288.214,58 €.
- Resolución do Alcalde número 770/2016, de 27 de decembro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 16/2016 bis de 26 de decembro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 46.807,36 €.
- Resolución do Alcalde número 786/2016, de 28 de decembro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 17/2016, de 28 de decembro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 49.318,94 €.

Sra. Rey Pazos. Pide ao señor interventor que se expliquen tres facturas reparadas que son de Barbatana, empresa encargada do servizo da piscina municipal, e pregunta se é cuestión de que falta a acta de inicio e que sen esta non comenza o contrato do servizo.

Sr. Interventor accidental. Contesta, co permiso do señor Presidente, que é correcto, que a prestación do servizo empeza dende a acta de inicio e que mentras non haxa esa acta non se podería retribuír á empresa.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se é un requisito formal ou ten efectos.

Sr. Interventor accidental. Contesta que está así establecido nos pregos. Que as portas as abriron o 26 de setembro.

Sr. Alcalde. Aclara que en puridade ten que poñer un reparo porque mentres non haxa acta de inicio a piscina non empezou, pero realmente si presta o servizo e non se lle paga é un enriquecemento inxusto por parte do concello.

Sra. Rey Pazos. Pregunta cal é o motivo porque esa acta no se fixera.

Sr. Alcalde. Contesta que se retrasou.

## **14.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE DA NÚMERO 682/2016 Á NÚMERO 790/2016 E DA NÚMERO 1/2017 Á NÚMERO 83/2017.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía da número 682/2016 á número 790/2016 e da número 1/2017 á número 83/2017.

## **15.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose a seguinte:

### **PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE VECIÑOS SOBRE AS FESTAS DE PASCUA.**

Sra. Rey Pazos. Explica que xustifica a urxencia da moción porque está en relación coas Festas de Pascua e a súa organización.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación, por maioría, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación a señora Rey Pazos dá lectura ao texto da moción que di:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Festas da Pascua son un evento moi esperado por todos os veciños e veciñas do noso Concello, trátase "DAS NOSAS FESTAS GRANDES".


Ademais hai que indicar que o orzamento que se destina a estas festas é considerablemente importante (ao redor de 190.000€) o que obriga aos gobernantes a tomarse moi en serio a organización desta celebración, buscando novas actividades, actuacións, etc, en definitiva, a facer que estas festas evolucionen e melloren tódolos anos para así satisfacer á cidadanía en xeral e aos veciños e veciñas de Padrón en especial.

Pero non podemos negar que nos últimos tempos cada vez hai máis críticas á forma de organización das mesmas. O comentario xeral é que "son o mesmo todos os anos" e isto está a facer que os padroneses e padronesas, cada vez máis, aproveitan estas datas para saír do noso pobo no canto de quedar a gozar dunhas festas que lles pertencen.

Co ánimo dar uns pequenos pasos cara un cambio na visión e organización das Festas de Pascua e que Veciños de Padrón considera deberían ser aínda maiores e máis profundos, recolleemos nesta moción algunhas das peticións que a cidadanía formulou ao noso partido.

Por todo o exposto, e coa intención de trasladar as suxestións feitas polos veciños e veciñas do noso municipio ao noso partido, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que se celebre o xoves, venres, sábado e domingo de Semana Santa unha "Sesión Vermut" acompañada con actuacións musicais variadas e alternativas (rock, jazz, blues, folk, etc) en diferentes puntos das rúas. Respectando as actuacións que poidan estar programadas coa Banda de Música ou grupos folclóricos tradicionais.
- 2.- Que o Venres Santo á noite, cando as procesións finalicen, haxa actuacións musicais en diferentes puntos das rúas.
- 3.- Que se organice un mercado alternativo polas rúas desde o sábado de Pascua ata o domingo de Pascuilla.
- 4.- Que o luns e martes de Pascua só haxa unha orquestra á noite, co fin de financiar estas novas actuacións e actividades aquí propostas.
- 5.- Que se tomen as medidas necesarias para que haxan máis atraccións destinadas a adultos.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

6.- Que se publicite as festas activamente e con anterioridade suficiente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que son as festas grandes do pobo e dado o orzamento que se destina, sobre 190.000 €, débense tomar moi en serio a súa organización e actualización. Que a xente se queixa de que son sempre as mesmas e ela tomouse a molestia de comprobar se era verdade e colleu diferentes libros de Pascua coas programacións dos tres últimos anos e teñen toda a razón. Que houbo pequenas variacións como pode ser que no 2014 fixose deporte na rúa, no 2015 o Raid Cabalar e o festival Dj's e o 2016 o fútbol base, a exhibición cabalar en vez das touradas e unha exposición de pintura. Que recollendo as propostas que fixeron os diferentes veciños e veciñas presentan a este pleno para que se debatan e se tomen estes acordos.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que se ve na obriga de aclarar certas noticias que saen nas redes sociais e que xa na comisión informativa o seu grupo se abstivo nesta moción por varios motivos: en primeiro lugar, di que é moi respetuoso coa opinión dos cidadáns, pero unha cousa é opinar do que lles gustaría que acontecera e outra cousa é facer realidade esas apetencias. Que está de acordo en que se precisan cambios nas Festas de Pascua pero hai que cuantificalos economicamente e polo que observa na moción eses cambios carecen de cuantificación económica axeitada. Que aínda poñendo unha orquestra o luns e outra o martes pensa que non sería suficiente para levar a cabo o acordo expositivo da moción, porque as festas en si teñen variedade de gastos e actos que consumen todos os recursos económicos da recadación, e si se saca unha orquestra o luns e outra o martes entende que vai repercutir negativamente na asistencia de público e vanse ver prexudicados os titulares dos postos. Que se podería propoñer unha solución: que o luns e martes de Pascua seguiran as dúas orquestras pero en vez de empezar ás once da noite comezaran ás nove da tarde. Que na Pascua se mestura un aspecto relixioso e outro profano e ambos son moi respetables. Que o dos grupos da sesión vermout ten unha dificultade económica e unha curta duración da súa rendabilidade e entende que non procede no horario que se di na moción. Que está de acordo co segundo punto de que haxa actuacións musicais o venres santo despois de finalizar os actos das procesións, pero non comparte o do mercado alternativo porque é inviable. Que as atraccións para adultos depende dos licitadores. Manifesta que non van apoiar a moción polos motivos que acaba de expoñer e así tamén dar unha explicación aos participantes na enquisa que se fixo.

Sr. Santaló Ríos. Dille á señora concelleira que é a súa proposta e que vaia avalada pola consulta que fixo é intrascendente porque entende que hai que ser moi serios á hora de darlle voz á cidadanía. Que el solicitou e está aprobada unha proposta para un regulamento de participación cidadá e aínda non se desenvolveu. Que lle parece importante para que precisamente á cidadanía, a través dese regulamento, manifeste e poida intervir. Que é partidario de que a cidadanía tome voz pero co regulamento correspondente e coa organización, coñecemento e publicidade dos eventos. Que en canto á organización das festas, parécelle que son coma un puzle, e andar sacando unha peza de aquí ou poñer outra alí parécelle bastante complicado. Que lle gustaría unha fórmula para darlle protagonismo aos cidadáns e ao sector da hostalería e se involucrasen máis na organización das festas.

Sr. Rodríguez Conde. Di que eles, respectando os resultados obtidos na enquisa, non farían as festas que fai o goberno actual, pero das propostas da moción comparte algunhas e outras non. Que se deberían ter en conta outros sectores porque poderían aportar cousas novas que poidan mellorar a afluencia de xente neses días. Que a proposta é considerable e a terían en conta si estiveran no goberno, pero vanse abster porque sería mellor unha proposta aberta non unha moción porque comparten algunhas e outras non.

Sra. Rey Pazos. Pide permiso para poder contestar a un por un en vez da réplica a todos xuntos.

Sr. Alcalde. Pregunta ás señora Rey Pazos se quere contestar aos concelleiros que xa interviñeron e despois ao resto.

Sra. Rey Pazos. Aclara que as mocións son propostas. Dille ao señor Santaló Ríos que non fala de enquisa senón de propostas da cidadanía e xa que todos os demais concelleiros din que os veciños pediron ou os veciños dixerón, ela fai o mesmo e debería ser tamén válido. Que falaba dun regulamento de participación cidadana e ela tamén está de acordo en que o haxa, pero mentres o goberno non actúa ela intenta darlle esa

cabida coas súas posibilidades.

Sr. Alcalde. Por alusión, dille que o goberno si actúa, non coma a ela lle gusta, pero si actúa.

Sra. Rey Pazos. Dille ao señor Rodríguez Carbia que das mocións que presenta ningunha levaba unha memoria económica e non pode esixirle a ela o que el non fai. Aclara, porque preguntou, que o custo estimado das pequenas actuacións oscilan entre os 150 euros.

Sr. Alcalde. Dille que ten unha valoración alí de 9.205 euros.

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara que todas as propostas que levou a pleno e que para poder executalas facía falla partida orzamentaria, tiñan cuantificación económica, senón que repase as actas.

Sra. Rey Pazos. Di que tendo en conta que as orquestras costan uns 50.000 euros, pensa que hai cartos para todo. Que en canto ao mercado alternativo, gracias á peatonalización, agora teñen unha fermosa rúa Real que está baleira e ben ancha. Que as atraccións dos adultos é aproveitar a posibilidade de facelo. Que en canto ao luns e o martes é unha cousa que lle dixeron a ela os hostaleiros: que a xente ven só a orquestra e despois marcha, preo en cambio a sesión vermut si tería repercusión económica.

Sr. González Pardal. Di que está de acordo coas propostas. Que si non é factible facer unha comisión de festas pode haber vontade por parte do goberno de crear un grupo de xente que poida axudar a tomar decisións porque as festas ano tras ano son iguais. Pensa que os hostaleiros e os comerciantes teñen moito que dicir á hora dunhas festas patronais. Que entende que é moito traballo pero insiste que se hai un grupo de xente que se ocupe das festas con tres ou catro meses de anterioridade, pódense celebrar doutra forma.

Sr. Piñeiro Otero. Di que el está a favor da proposta do grupo de Veciños de Padrón. Pregunta se as parcelas se adxudican por catro anos.

Sra. Secretaria. Contesta, a petición do señor Presidente, que a última vez foi por catro anos.

Sr. Piñeiro Otero. Pregunta que si cando algún licitador non ven hai algún tipo de sanción económica.

Sra. Secretaria. Contesta que sanción económica non, pero cree recordar que é un motivo de extinción desa autorización por catro anos.

Sr. Piñeiro Otero. Pregunta se existe algunha factura de actuación do ano 2016 que esté sen pagar.

Sr. Alcalde. Contesta que si existira algunha factura do ano 2016 que esté sen pagar e esté presentada debería ir a recoñecemento extraxudicial de crédito.

Sr. Rodríguez Carbia. Falando das actuacións de jazz, blues, etc., di que eles foron os primeiros en traer ese tipo de actuacións e que este é o único Concello en Galicia onde os hostaleiros non participan activamente sufragando parte das festas. Dille que os hostaleiros non se poden queixar por ter nove días de festa pagadas polos chiringuitos do Souto e polo Concello.

Sra. Rey Pazos. Protesta porque sempre lle chama a atención a ela e aos demais non.

Sr. Alcalde. Dille que sempre está interrompindo. Pide silencio.

Sr. González Pardal. Di que se sinte ofendido como empresario do sector da hostalería porque si estarían dispostos a colaborar co Concello si os chaman e si lles dan a palabra para poder organizala e aportar a súas ideas. Que tamén defende aos empresarios da hostalería que están fóra do pobo. Insiste que ten que existir a colaboración cidadana e hai que poñer algún medio para que os empresarios de Padrón e da contorna sexan partícipes das festas, pero non a dous meses das festas.

Sr. Forján Seoane. Comenta que ten razón, pero que despois a realidade é a que é.

Sra. Rey Pazos. Quere deixar claro que na súa moción en ningún momento fala de que os hostaleiros se



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

queixaron. Que as festas de Pascua teñen uns ingresos polo que fan que en Padrón non sexan pagadas polos veciños. Que esta moción son pequenas medidas que non cambian o cen por cen das festas porque iso require un traballo de moito máis tempo. Que sabe que unha comisión de festas non é posible, pero pregunta si sería posible unha comisión de traballo.

Sr. Alcalde. Contesta que se poden facer as reunións coa xente que sexan necesarias e de feito se fixeron moitas. Lembra que un ano que convocaron á hostalería porque non se podía celebrar a Feira Medieval e propuxeron que pagaran os hostaleiros a metade e o Concello a outra metade, e non foi posible. Que o outro día invitaron a todos á presentación da App de turismo e só asistiron dúas persoas.

Sra. Rey Pazos. Que non fala de reunións esporádicas senón dunha comisión de traballo.

Sr. Forján Seoane. Di que se están facendo unha serie de propostas e quere saber, xa que as festas están aí, se o goberno xa ten feita unha programación e un deseño dos custos.

Sr. Alcalde. Contesta que practicamente si.

Sra. Rey Pazos. Di que entón as publicitarán xa.

Sr. Alcalde. Dalle un 1º aviso á señora Rey Pazos.

Sr. Pardo Andrade. Comenta, a título persoal, que está totalmente de acordo en que os negocios tiñan que cooperar coma o fan en Carcacia, en Escravitude, en Herbón ou en Iria, así coma en Ames ou Brión, e se queren boas cousas teñen que arrimar o ombreiro todos e en calquera aldea estánse a pagar uns 120 euros por 2 días de festa.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que cando eles estaban no goberno é certo que houbo xente que colaborou moito nas festas do Santiaguíño do Monte, pero moitas veces esa colaboración brila pola súa ausencia.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Dous (2), emitidos pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos e polo concelleiro do PSdeG-PSOE, señor Piñeiro Otero

**VOTOS EN CONTRA:** Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

**ABSTENCIÓNS:** Seis (6), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polo concelleiro do PSdeG-PSOE, señor Forján Seoane, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes non aprobar a moción de Veciños de data 24 de xaneiro de 2017.

## **SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA, SOBRE O IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que a urxencia débese á subida do IBI e uns aspectos que detectou no recibo da contribución que entende que hai que corrixir e elaborar unha nova ou modificar a ordenanza fiscal existente.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo

concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación, por maioría, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor Rodríguez Carbia dá lectura ao texto da moción que di:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O imposto sobre Benes Inmobles (IBI ou contribución) é un imposto municipal, de carácter periódico que grava a propiedade dos bens inmobles, xa sexan rústicos ou urbanos.

O concello de Padrón ten en vigor unha ordenanza fiscal aprobada na sesión plenaria celebrada o 26 de febreiro de 2009 e que se aplicou a partires do 1 de xaneiro de 2010.

A última revisión dos valores catastrais e ponencia de valores data do ano 2007. O incremento tributario no pago do ibi que se realiza mediante domiciliación bancaria no mes de outubro de cada ano é manifesto.

Sirvan como exemplo dese incremento estes dous exemplos que o corroboran:

a.- Unha propiedade urbana que no exercicio económico 2008 pagaba de contribución 163,08 €/anual no exercicio 2016 pagou 468,89 € é dicir sufriu un incremento do 187,5 % (305,81 €/anuais).

b.- Outro propiedade urbana que no exercicio económico 2008 pagou 217,05 € no exercicio 2016 pagou 289,68 € un incremento do 33,4 % (72,63 €) e así poderíamos seguir enumerando mais casos.

A qué se debe este incremento si o valor do solo non variou entre un exercicio e outro, si o tipo segue a ser o mesmo (0,4 %)? Débase ao incremento da base liquidable que produce unha suba na cuota líquida participativa debido a desaparición por norma do coeficiente redutor aplicado dende o 2007 (data da que se produxo a derradeira revisión de valores catastrais) que era do 0,92 e que foi decrecendo en 0,1 cada ano dende esa data a neste exercicio xa non se aplica ningunha redución pois este só ten unha duración de 9 anos.

Resulta que a recadación por este imposto, está a gravar a tributación das clases máis desfavorecidas e as clases medias, cando é de dominio público que unha parte importante en metros lineais e cadrados de terreos urbanizables en stand by nos catro costados de Padrón: Norte, Sur, Leste e Oeste, non está a pagar ibi cando deberían facelo. Isto priva ao concello duns ingresos importantes tódolos exercicios económicos e creando un agravio comparativo co resto dos propietarios, outro tanto acontece con propiedades varias e numerosas que se localizan no casco vello de Padrón e nos diferentes lugares e parroquias que non pagan Ibi.

Qué pode facelo concello?. Actuar de oficio, clarificar esta situación anómala, e obrigar a satisfacelo ibi.

Outra media sería revisalos valores catastrais nos inmobles cando transcorran 5 anos dende a derradeira revisión, aos 10 anos dende a última revisión (que vence neste 2017) esta é obrigatoria, como é o caso do noso concello.

Fai falla elaborar proceder a unha revisión á baixa do ibi, considerando que o valor actual dos inmobles ou propiedades no mercado desplomouse nun 30 % dende o ano 2007 ata o 2015.

Estamos pois ante un imposto con efecto negativo sobre o contribuínte ao ser contra cíclico que nun momento como o actual de actividade deprimida os ingresos por este imposto son estables como o amosan os datos do 2015 no conxunto do Estado no que se recadou un 1,2 % do PIB fronte o 0,8 % de media da



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

UE, debido a política impositiva do goberno central que tan negativamente está a afectar aos contribuíntes de clase media e baixa.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Acordo plenario, para que o equipo de goberno actúe de oficio identifique as propiedades que non están a pagar o IBI, inicie expediente e adopte as medidas axeitadas para o cumprimento da obriga fiscal de contribuir.

b.- Arbitralas medidas necesarias para proceder a unha revisión á baixa dos valores catastrais co obxecto de reducila base liquidable, permitindo facer asumible a cuota líquida participativa (o que debe pagar cada contribuínte).

c.- Consensuar a elaboración dunha modificación na ordenanza fiscal en vigor na que se contemplan bonificacións e reducións segundo normativa vixente co obxecto de reducila presión fiscal dos contribuíntes.

d.- Estudio de legalidade para contemplala viabilidade de substituílo calendario de pago pechado para aboar o IBI (contribución) actualmente no mes de outubro por outro flexible entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro, con dúas datas para domiciliación bancaria xuño e outubro.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Comenta que están completamente de acordo aínda que tiñan dúbidas no seu día en canto á legalidade. Que en canto ao primeiro punto non hai ningún problema e en canto ao segundo, di que eles poden instar á revisión dos valores pero uns inmobles irán á alta e outros á baixa. En canto á modificación da ordenanza di que hai bonificacións persoais que aínda que, éticamente todos quixeran poñelas, non as poden establecer. En canto ao cuarto punto dille que non é competencia do Concello, que se pode pedir, pero non é da súa competencia. Insiste que, como xa comentaron na comisión, están de acordo coa moción.

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que no ano 2007, cando se fixo a ponencia de valores, puxéronse estes á alza porque se hai unha expropiación vaise cobrar máis por eses terreos e iso é unha mentira.

Sr. Alcalde. Dille que a valoración para unha expropiación non ten nada que ver co valor catastral.

Sr. Santaló Ríos. Di que tamén están de acordo, sobre todo coa intencionalidade de por ao descuberto esas sombras fiscais e de economía sumerxida e para iso é necesaria unha clara vontade política. Que o verdadeiro problema é o que se menciona no punto primeiro porque hai unha parte importantísima do patrimonio que está agochado e é nese punto no que hai que traballar. Entende que a xente está pasando dificultades e que a ninguén lle gusta pagar tributos.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que eles van votar a favor desta moción e pregunta aos servizos técnicos si se incumpriría algo si se aprobara.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sr. Interventor accidental. Contesta que no terceiro punto, o da revisión á baixa dos valores catastrais, o que di a Dirección Xeral do Catastro é que é un valor administrativo fixado obxectivamente para cada ben inmueble e que resulta de aplicación para criterios de valoración recollidos na ponencia de valores do municipio correspondente. Que son criterios sempre obxectivos.

Sr. Alcalde. Conclúe que se pode instar a revisión, pero non se pode instar á alta nin á baixa. Que non pasa nada, que el a vai votar a favor.

Sra. Rey Pazos. Cree que o punto primeiro é polo que hai que loitar para que a xente que ten patrimonio non esté pagando por el. Que con respecto ao segundo gustaríalle saber canto vai supor de perda de ingresos por parte do Concello.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que prácticamente nada porque como se pide no primeiro punto son moitos os terreos que non están pagando contribución. Que estes datos son datos do Ministerio de Facenda.

Sr. Alcalde. Retíralle a palabra ao señor Rodríguez Carbia e dalle un 1º aviso.

Visto que o señor Rodríguez Carbia insiste na súa intervención e o señor Alcalde dalle un 2º segundo aviso.

Sra. Rey Pazos. Pregunta ao señor interventor accidental, con respecto ás bonificacións, se as recollidas na lei son para familia numerosa.

Sr. Alcalde. Interrumpe e pide que se lle pregunte a el porque o señor interventor accidental non interven no debate senón que lle dará a palabra só se teñen algunha dúbida.

Sra. Rey Pazos. Di que as dúbidas que ten llas pode aclarar o señor interventor accidental.

Sr. Alcalde. Insiste que tamén llas pode aclarar el.

Sra. Rey Pazos. Pregunta, tal e como dicían na comisión, se habería que cambiar a ordenanza nese sentido, pero que as bonificacións non se podería facer, quitando a de familia numerosa, nin a parados, nin a xubilados nin por compra de primeira vivenda. Que estaría de acordo co recargo aos inmobles que están baleiros porque lle parece interesante e a ter en conta. Que non se pode obviar que este imposto o que grava é un patrimonio e non se está a falar das clases desfavorecidas si se ten un patrimonio amplo.

Sr. Forján Seoane. Di que están a favor de que se estude.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 23 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

## **16.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **Rogos presentados polo partido político de VECIÑOS, que quedaron sen formular no pleno anterior.**

1.- Sra. Rey Pazos. Rogamos procédase a limpar máis frecuentemente a zona do Colexio Rosalia de Castro e A Pedreira.

2.- Sra. Rey Pazos. Rogamos procédase a tomar as medidas necesarias para que todas as casas da Aldea de Prada conten con accesos para as ambulancias.

### **Rogos presentados polo partido político de VECIÑOS.**

1.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o equipo de goberno deixe de contratar de forma ilegal con familiares e así evitar que a Intervención Municipal teña que proceder a reparar suspensivamente as facturas correspondentes e emitidas pola empresa Cándido Sanmarco e Fillos, S.L e Cándido Sanmarco Santos. Instalacións Ducho e agora tamén Aluminios Sefer.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

2.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno do PP deixe de proceder ao fraccionamento do obxecto do contrato en relación ás facturas emitidas polo servizo de limpeza da praza de abastos (Reciclaxes do Sar S.L. Redosar); ao subministro de materiais de obra (Comercial Moncho S.L); á limpeza de distintas dependencias municipais (Seigal, S.L e Adina Xestión, S.L); ás reparacións de alumeadado público (RoomelService, S.L e Roo Montaxes Eléctricas S.L); ao servizo de atención de dependencia (Servizos Sociais Ulla Sar, S.L) e ao subministro de materiais diversos (P&P Distribucións. Damián Perol Mariño; familiar, ademais, dun dos Concelleiros do equipo de Goberno). Facturas todas elas reparadas pola Intervención Municipal por incumprir a Lei de Contratos do Sector Público.

3.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno proceda a licitar os contratos prorrogados e non licitados, vulnerando a lexislación de contratos da Administración Pública, como son os relativos á xestión da gardería infantil municipal (Pequenos Escolares S.L) e a xestión laboral do Concello de Padrón (Consolo Abad Pambín e outros S.C) e a xestión do Centro Social.

4.- Sra. Rey Pazos. Rogamos ao goberno do Partido Popular proceda a sacar as prazas que deben ser ocupadas por funcionarios públicos a concurso como é o caso das ocupadas polos traballadores do departamento de Urbanismo e Rehabilitación, para así correxir a situación de ilegalidade que se está a producir.

## **Rogos presentados polo grupo político municipal do PGD.**

1.- Sr. Rodríguez Conde. Na pasarela que está detrás do Campo de Fútbol, e na parte que dá cara o campo hai un burato, que debería pechase xa que pode caer alguén.

2.- Sr. Rodríguez Conde. Rogamos que se reemplazen as pasarelas e o tramo que se vai cambiar o antes posible, antes de que aconteza un accidente.

3.- Sr. Rodríguez Conde. Rogamos o acondicionamento dunha pista no lugar de Vilar-Extramundi. Pasamos un plano para ubicación exacta da pista.

4.- Sr. Rodríguez Conde. Rogamos a instalación dun espello de visibilidade de tráfico, na saída do Polígono de Picaraña para os vehículos que saen dirección rotonda.

5.- Sr. Rodríguez Conde. Ante a subida indiscriminada da enerxía eléctrica. Rogamos que por parte dos responsables do goberno se teña un maior control sobre o consumo en dependencias municipais (Concello, e distintas dependencias públicas locais), a que observamos oficinas con luces encendidas sin estar ninguén, etc.

## **Rogos presentados polo partido político da CIPA.**

1.- Sr. Rodríguez Carbia. A zona comprendida ao longo da canle de derivación do río Sar dende Iria ata o cemiterio de A Matanza, incluída a travesía de Compostela enlace coa N-550, o tramo dende o remate do paseo fluvial da canle, pista de enlace co campo da Insua (A Ponte), o propio campo da Insua, o núcleo da Ponte, o lugar da Aduana, o paseo fluvial (Finsa), o paseo fluvial desembocadura, a pista que dende este paseo fluvial conduce ata o lugar do Souto, non ten iluminación e naqueles escasos puntos no que existe iluminación esta é moi deficiente. Todas estas zonas enumeradas empréganse por moitos padroneses/as para pasear e practicar deporte entre os que me inclúo. A carencia de iluminación constitúe un perigo naqueles tramos con tráfico rodado e un impedimento para a práctica deportiva e costumes saudables da poboación en xeral.

É polo que ROGASE ao equipo de goberno, encargue unha memoria valorada do custo que suporía dotar de alumeadado público axeitado todas esas zonas e acometa a obra no menor prazo de tempo posible.

2.- Sr. Rodríguez Carbia. Tal como presentara en sesións anteriores e así llo comentara en forma de pregunta na ci informativa deste luns. Rogo do equipo de goberno proceda a buscar unha solución axeitada e no prazo de tempo mais breve posible para rematar cos vertidos da rede de saneamento en propiedades e viais públicos no lugar de Besada-Besadiña en Extramundi de Abaixo.

3.- Sr. Rodríguez Carbia. Tal como lle manifestei na ci do luns, rogo do equipo de goberno proceda a retiralo colector de recollida de roupa situado en praza Rodríguez Cobián, inicio de Murgadán a outro lugar máis axeitado, así como os colectores en superficie por ser un lugar de paso de milleiros de peregrinos ao longo do ano e que da unha imaxe impropia dun punto sensible de protección patrimonial.

4.- Sr. Rodríguez Carbia. Rogo ao equipo de goberno actúe de oficio e curse comunicación aos propietarios das fincas situadas entre o Bordel e Iria marxe esquerda, tramo do camiño de Santiago, para que procedan á limpeza da maleza.

5.- Sr. Rodríguez Carbia. Rógase do equipo de goberno proceda á retirada do cable que se colocou no medio a medio ao longo da rúa Santo domingo, por ser un elemento antiestético e descoñecer que función ten e si o mesmo é de corrente ou de enganche.

6.- Sr. Rodríguez Carbia. Rogo do equipo de goberno proceda a respostar os escritos que este grupo político presentou en tempo e forma por rexistro, en demanda de información e aínda non se nos dou resposta.

Sendo as vinte e dúas horas e catro minutos abandona a sesión, co permiso do señor Presidente, o señor Rodríguez Carbia.

#### **Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, non respostadas no pleno anterior.**

Polo señor Alcalde dase lecturas as seguintes preguntas do PSdeG-PSOE non respostadas no pleno anterior:

1.- No pleno ordinario celebrado o 26.05.16, pto. 7, aprobouse a moción do grupo municipal socialista que propoñía: "Instar ao goberno local ao mantemento adecuado da sinalización do Camiño, ao seu paso polo concello de Padrón, así como das sinais indicadoras de lugares, espazos de uso público, limitación de velocidade, do Camiño,... é de ser preciso, solicitar axudas/subvencións aos distintos organismos, Deputación, Xunta..., para a súa renovación. Como, despois de seis meses, a situación segue a ser a mesma, preguntamos: ¿Que actuacións fixeron para dar cumprimento ao acordo plenario adoptado no pleno ordinario do 26.05.16, sen ningún voto en contra?.

Sr. Alcalde. Contesta que requeriron ao Xacobeo despois da moción e como xa dixo a concelleira estase solicitando unha subvención do 75 % co que o 25% restante o pagaría o Concello.

2.- No pleno ordinario do 26.05.16, pto 5, aprobouse por unanimidade xestionar a "sinalización dos accesos" a nova estación da Escravitude. Hoxe sigue sin sinalizar o que demostra o escaso inerece que teñen polos servizos que se prestan no noso concello. ¿Que xestións fixeron desde a aprobación da citada moción?.


Sr. Alcalde. Contesta que despois da moción se fixo requerimento a ADIF e ao Ministerio de Fomento. Que se volveu requerir en outubro. Que fixo un montón de requerimentos e a día de hoxe aínda está sen sinalizar por parte de ADIF. Que acabarán comprando e poñéndoo o Concello.

3.- ¿Que foi/onde está o material deportivo que se atopaba no polideportivo vello detrás da portería que dá á piscina municipal?.

Sr. Alcalde. Contesta que está na piscina municipal.

4.- ¿Por que aínda non se procedeu a limpeza/corte e retirada da maleza que invade as beirarrúas de acceso a urbanización de A Azucarera así como a eliminación das plantas invasoras (Plumero de la Pampa, hierba de la Pampa, Cortaderia selloana) que se están a estender pola mesma e tamén por outras zonas do concello, chegando xa ao río Sar, a altura do Paseo do Espolón?.

Sr. Forján Seoane. Di que xa as cortaron a semana pasada.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Pardo Andrade. Contesta que fai máis.

## **Preguntas presentadas polo partido político de Veciños, que quedaron sen contestar no pleno anterior.**

1.- Sra. Rey Pazos. Pódenos indicar os motivos polos cales deixaron caducar e prescribir os expedientes sancionadores 01/2016-OP en relación co depósito de caixas de cartón na vía pública e o expediente sancionador 01/2016-DP en relación cun can que fixo as súas deposicións na vía pública, sobre todo tendo en conta que os infractores non presentaron alegacións?

Sr. Alcalde. Contesta que o responsable da tramitación deses expedientes se trasladou de departamento e quedaron aí e caducaron.

Sendo as vinte e dúas horas e oito minutos reincorpórase á sesión, co permiso do señor Presidente, o señor Rodríguez Carbia.

2.- Sra. Rey Pazos. Que actuacións leváronse a cabo para proceder ao cobro das taxas por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e toldos pendentes de pago desde o 2015 e que ascenden a un total de 6.815,49 € e sobre todo tendo en conta que a administración conta co procedemento executivo e de apremio?

Sr. Alcalde. Contesta que se deu a orde á intervención para o procedemento de apremio. Que é do ano 2015 e prescribe aos catro anos.

3.- Sra. Rey Pazos. Por que o señor Alcalde despois de asegurar no Pleno que seguía as recomendacións dadas polo xefe da Policía Local nos seus informes en relación ás autorizacións da ocupación de terreos de uso público non as segue en determinados supostos tales como na autorización do "Café Bar O Carro", "Restaurante Chef Rivera", "Café Bar D'Camión"?

Sr. Alcalde. Contesta que se seguen as recomendacións da policía local por regra xeral pero algunhas non se seguen porque é decisión da Xunta de Goberno Local. Que neses tres supostos concretos, nun deles o informe di que de abril e outubro e se lle concedeu de maio a outubro porque, independentemente da liquidación, só se lle pode conceder o que piden, por exemplo, nunha finca onde se poden construír tres pisos piden facer un baixo e un piso e é o que se lle concede. Que outra cousa é que a policía diga que como estaba posta en abril se lle liquide tamén abril pero non se pode conceder abril.

Sra. Rey Pazos. Di que hai algunha que so é do mes de outubro e entón o que di o señor Alcalde non é verdade e solicita que conste en acta que o que di o señor Alcalde non é verdade.

Sr. Alcalde. Continúa que no outro caso pide catro mesas con catro cadeiras.

Sra. Rey Pazos. Di que nese caso a policía local recomenda tres mesas con tres cadeiras por falla de espazo e sen embargo a Xunta de Goberno Local deulle catro mesas. Que por iso di que non segue as recomendacións da policía local.

Sr. Alcalde. Contesta que é unha recomendación non unha obrigación e insiste que por regra xeral se seguen as recomendacións da policía local.

Sra. Rey Pazos. Insiste preguntando cal é o motivo que leva ao señor Alcalde a non seguir esa recomendación.

Sr. Alcalde. Dille que as preguntas non son un debate.

Sra. Rey Pazos. Contesta que é unha pregunta.

Sr. Alcalde. Contesta que porque é competencia da Xunta de Goberno Local.

Sra. Rey Pazos. Insiste que eso xa o saben todos pero segue preguntando que motivos ten o señor Alcalde para tomar esa decisión.

Sr. Alcalde. Dille que non hai réplica nas preguntas e que xa lle contestou.

4.- Sra. Rey Pazos. Cando ten pensado facer efectiva a redución da potencia enerxética solicitada por Veciños de Padrón no Pleno de 24 de setembro de 2015 e sobre o que xa existe proxecto no que se indica que pode traer consigo un aforro considerable de 25.000€?

Sr. Alcalde. Contesta que xa se solicitou.

Sra. Rey Pazos. Pregunta cando se ten pensado facer efectivo.

Sr. Alcalde. Dalle un 2º aviso á señora Rey Pazos e que non lle vai responder como a ela lle dé a gaña.

Sra. Rey Pazos. Insiste na pregunta.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora Rey Pazos se a ten que botar.

5.- Sra. Rey Pazos. Existe algún problema na Piscina Municipal do Souto e se é así cal?

Sr. Alcalde. Contesta que el saiba non.

Sra. Rey Pazos. Di que os reparos suspensivos din outra cousa.

Sr. Alcalde. Dalle o 3º aviso á señora Rey Pazos e dille que ten abandonar a sesión.

Sra. Rey Pazos. Dille ao señor Alcalde que con ela ten un trato diferente que co resto dos compañeiros e espera que non teñan réplica co resto dos compañeiros porque o outro pleno está gravado e si tivo réplica.

Sendo as vinte e dúas horas e catorce minutos abandona a sesión plenaria, por orde do señor Presidente, a señora Rey Pazos.

### **Preguntas presentadas polo partido político do BNG.**

1.- Sr. Santaló Ríos. A avésa asiático ou *vespa velutina* é un insecto invasor que está a introducirse fortemente na Galiza e que ameaza as colmeas poñendo en perigo o futuro da produción apícola e mermando o importante papel polinizador que teñen as abellas, con todas as repercusións económicas e ecolóxicas que isto trae consigo.

Tamén é de destacar a alarma cidadá que está a crear a súa expansión: aínda que non se trata dun insecto máis agresivo co ser humano que a avésa autóctona, si que reacciona dun xeito virulento ante as ameazas ao seu niño; ante unha ameaza ou vibración a 5 metros do niño, prodúcese unha resposta de grupo, podendo perseguir á fonte da ameaza ata aproximadamente 500 metros. Este risco agrávase dada a colonización de zonas urbanas e periurbanas realizada por este insecto.

Por todo isto, dende os profesionais da apicultura ás distintas administracións públicas, empezando pola galega ata os concellos, están a desenvolver plan de control e erradicación da avésa velutina.

No noso concello foron localizadas polos veciños varios niños e temos noticias que o GES ten atendido numerosos avisos.

Así pois, este concelleiro presenta para a súa resposta por escrito e tamén oral en sesión plenaria a seguinte PREGUNTA:

1.- Ten deseñado o Goberno municipal de Teo un plan de control e erradicación da *vespa velutina* en Padrón? De ser así, en que consiste ese plan? Está coordinado e conta coa supervisión das consellerías da Xunta de Galiza competentes na materia?.

Sr. Alcalde. Contesta que hai un convenio asinado coa Xunta de Galicia para o GES, que considera este problema coma unha pandemia e polo tanto depende sanitariamente da Xunta que é a que dá os avisos, tamén



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

o 112, e o GES fai a retirada dos niños e se algún particular dá un aviso, vaise retirar e ponse en coñecemento da Xunta. Que neste ano 2016 lévanse 80 avisos recibidos na comarca e xa hai 15 avisos deste ano nos que non se puido actuar pola altura. Que hai tres traxes para a vespa velutina e unha pértiga que está limitada a 25 metros e os que non se puideron retirar están a máis de 35 metros.

Sr. Pardo Andrade. Di que algúns non se retiran pero se lles está botando un spray ata que caen soas.

2.- Sr. Santaló Ríos. O gasto en limpeza de "diversas dependencias do concello" ao longo do seu mandato non para de medrar. E cada son máis as empresas que proporcionan este servizo: Seigal, Limpesar, Redosar, Adina Xestión. En plenos anteriores xa nos respostaron que o servizo se prestaba así polo era o máis barato, pero dadas as cuantías facturadas resulta difícil aceptalo. Pode contestar o goberno porque se incrementou tanto o gasto nesta na limpeza de "diversas dependencias do concello" e se incrementou o número de empresas contratadas para este servizo?

Sr. Alcalde. Contesta que se incrementou o gasto polo tema das baixas e as listas de contratación non están actualizadas e hai que sacar unhas novas si se pode. Que hai que ir pensando en licitalas porque teñen varios servizos para licitar e a limpeza é un deles.

Sr. Santaló Ríos. Realizou o goberno algún concurso (negociado ou sen negociar) para a xestión da limpeza de "diversas dependencias do concello"?

Sr. Alcalde. Contesta que no seu día pedíronse orzamentos de prezos de horas e non se fixo concurso.

Sr. Santaló Ríos. Teñen pensado seguir así?

Sr. Alcalde. Contesta que non pero teñen pensado cando poidan sacar unha licitación, ou cando menos, valoralo.

3.- Sr. Santaló Ríos. O gasto en "arranxos varios de maquinaria" non para de aumentar. Estase a facturar regularmente uns 2000 € mensuais, e principalmente con unha empresa "fernando soto motoska". Non sería mellor facer un plan de renovación de maquinaria?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que xa se está comprando algunha nova, pero se rompe algunha haberá que arranxala.

Sr. Santaló Ríos. Di que si pero que é moita cantidade a de 2.000 euros.

Sr. Alcalde. Dille que non hai réplica e dalle o 1º aviso ao señor Santaló Ríos.

4.- Sr. Santaló Ríos. No caso de non poder facelo cos medios propios, non cren que se debería licitar o mantemento de maquinaria?

Sr. Pardo Andrade. Pregúntalle como o licita porque non sabe cando lle vai romper.

5.- Sr. Santaló Ríos. Ten noticias o Goberno Municipal da presenza de "Gorrillas" no campo da Barca os domingos?

Sr. Alcalde. Contesta que si.

6.- Sr. Santaló Ríos. Que medidas teñen pensado tomar para solucionar este problema?.

Sr. Alcalde. Contesta que mandar á policía, pero así como os botas volven entrar. Que non hai coacción nin extorsión polo que non hai maneira legal de botalos.

## **Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PGD.**

1.- Sr. Rodríguez Conde. No pleno ordinario do 24 de novembro de 2016, fixemos unha pregunta sobre a titularidade dun terreo que hai diante do Supermercado Eroski, na resposta que se dixo por parte do goberno

foi: "Contesta que hai unha parte privada e outra que non sabes si está cedida ao Concello". ¿Indagaron si esa parte está cedida ao Concello, e cal foi o resultado?

Sr. Alcalde. Contesta que o preguntaron pero non tiveron resposta. Engade que hai parte que pertence á servidume da N-550.

2.- Sr. Rodríguez Conde. En que estado se encontra a adquisición dun vehículo (camión pequeno con grúa), mediante unha subvención?

Sr. Alcalde. Contesta que está pendente de sacar a licitación.

3.- Sr. Rodríguez Conde. Observamos que en varios días na recollida de cartón en, porta a porta, así como dos colectores, un camión dunha empresa privada realizaba eses traballos así como o operario alleo ao concello. ¿Temos algún convenio, contrato ou algún tipo de vínculo ca empresa para a recollida de cartón?

Sr. Alcalde. Contesta que é un aluguer do camión porque non funciona o outro.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que o outro deuse de baixa na ITV.

Sr. Rodríguez Conde. Si é positivo: Se nos explique o tipo de contrato como seu coste para o Concello.

Sr. Alcalde. Explica que se estropeou un camión e se trouxo outro e se lle pagan as horas que ven recoller o cartón e por iso algún operario do concello vai nese camión.

4.- Estando a principios de ano do 2017, queremos ter os seguintes datos con relación a urbanismo: ¿Cantas solicitudes de obra menor houbo no ano 2016? ¿Cantas se resolveron? ¿Cantas solicitudes de obra maior houbo no ano 2016? ¿Cantas se resolveron?

Sr. Alcalde. Contesta que foron 197 as solicitudes de obra menor presentadas no ano 2016 e 11 de obra maior. Que as licenzas tramitadas e aprobadas foron 121. Que as resoltas de obra maior non as ten detalladas.

### **Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.**

1.- Sr. Forján Seoane. ¿Cal é o motivo para que a maioría das obras aprobadas no pleno extraordinario celebrado o 17/12/15 aínda estén sin realizar?

1.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015.

Camiño río Sar-Extramundi, 157.859,37 euros.

Reparación camiño en Tarrío e Herbón, 55.642,91 euros.

Reparación camiños en Ribadulla e Corral Carcacia, 35.979,07 euros. Complementa.

2.- Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña.

Rúa Bordel, 81.373,94 euros.

Praza da Leña, 31.619,60 euros.

Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e Rampa acceso cemiterio Santiaguino, 59.872,81 euros.

Saneamento tras Muíños e outros (Extensión conexión rede de abastecemento en Queiruga-Cruces e instalación grupo de presión en rede de abastecemento na Picaraña) 61.593,20 euros.

Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido, 52.663,08 euros.

PAS-Convenios. 132.069,06 euros obras de Rehabilitación da Casa dos Capeláns completar orzamento total de 528.276,25 euros, resto, 396.207,19 están financiados polo Ministerio de Fomento 1,5% cultural.

Sr. Alcalde. Contesta, en canto ao POS, o Camiño río Sar-Extramundi agora mesmo están presentadas as segundas ofertas e a documentación acreditativa das empresas cuxa oferta tiña valores anormais que se pasaron ao técnico para que valore se as baixas son temerarias ou non. Que a Reparación camiño en Tarrío e



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Herbón está no trámite de que as empresas presenten as segundas ofertas. Que a Reparación camiños en Ribadulla e Corral é unha obra complementaria. Que en canto ao PAS, a da Rúa Bordel se solitaron as autorizacións e houbo que emitir un informe técnico de que o proxecto cumpre todas as condicións que se remitiu a Deputación que deu a conformidade o 7 de decembro, polo que se está a informar o expediente por parte de secretaría. Que a Praza da leña tamén se está a tramitar e a informar o expediente por secretaría. Que na Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e Rampa acceso cemiterio Santiaguíño, Patrimonio non autoriza a rampa de acceso ao cemiterio polo que esa resolución se remiteu ao equipo redactor do proxecto para adaptalo ás condicións que impón Patrimonio. Que no Saneamento tras Muíños e outros están pendentes da acreditación correcta da titularidade das fincas para poder asinar a constitución de servidume de acueducto. Que na Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido está pendente de que os propietarios acrediten correctamente a titularidade das fincas para poder asinar a constitución de servidume de acueducto a favor do concello. Que en canto á Rehabilitación da Casa dos Capeláns agora está adjudicada a Igrexas Mera por importe de 421.828,58 € e está en execución.

2.- Sr. Forján Seoane. ¿Por que non se dou resposta ao escrito presentado o pasado 16/12/16, nin se puxo solución ó vertido de augas residuais/fecais que corren pola cuneta da pista da Besadiña en Extramundi, incluso inundando fincas particulares?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que é a mesma pregunta do señor Rodríguez Carbia e se está redactando o proxecto e haberá que metelo nun POS ou noutro.

3.- Sr. Forján Seoane. No polígono de Pazos, realizáronse actuación como a instalación de cámaras de vixilancia, recheo de zona verde... ¿Quen realizou esas actuacións e cando se concederon os permisos necesarios?

Sr. Alcalde. Entende que a realizaron os empresarios e non consta que haxa permisos.

4.- Sr. Forján Seoane. Por que non se nos facilitou o acceso ao expediente da construción da área de aparcamento de caravanas nin se deu ningunha explicación sobre a mesma tal e como temos solicitado?

Sr. Alcalde. Contesta que si se lle deu. Que asinou un decreto para entregarlle a memoria da área de caravanas e que se lle entregou o 18 de xaneiro.

Sr. Forján Seoane. Di que non o veu que o trasapelaría.

5.- Sr. Forján Seoane. ¿Desde a celebración do último pleno ordinario que actuación realizaron para a ampliación da saída da pista de Extramundi de Abaixo a AC-299, á altura da de Pérez, posto que xa se procedeu ao cerre da finca que sería obxecto de cesión?.

Sr. Alcalde. Contesta que non veu asinar a cesión, pero non pechou pola zona que ten que ceder.

6.- Sr. Forján Seoane. ¿Por que non se está a limpar e recoller os residuos que se atopan no entorno dos contenedores destinados a recollida de RSU e selectiva?

Sr. Alcalde. Entende que si se está limpando, pero de todos os xeitos darán aviso de que se limpen. Aproveita para informar que na licitación do lixo unicamente se presentou unha empresa.

7.- Sr. Forján Seoane. ¿Teñen realizado ou pensado realizar algunha xestión para a construción dunha ponte, habilitada para vehículos, que comunique A Barca coa outra orilla do río Sar facilitando o acceso ao aparcamento e liberando deste tráfico a ponte do Carme?

Sr. Alcalde. Comenta que o pensaron moitas veces, pero agora teñen aprobada a ponte peonil por 150.000 € e unha ponte para vehículos ía, segundo a valoración, a uns 800.000 €, polo que trasladaron a ponte peonil a un lado de onde está proxectado un vial da ponte para vehículos do Bordel á Barca.

8.- Sr. Forján Seoane. ¿Que danos se produxeron na sala da alcaldía despois do incendio ocorrido o día 5 de xaneiro e cuantía dos mesmos?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que entre 12.000 e 15.000 euros, e falta a valoración dos cadros.

Sr. Alcalde. Di que teñen o presuposto de obra pero depende da valoración dos cadros. Que os danos foron na madeira do piso, paredes porque hai que repicar todo, un sillón enteiro que se queimou, un cadro de Camilo José Cela e danáronse moitos cadros pola cinza do aire. Que a valoración depende moito da que den polos cadros.

9.- Sr. Forján Seoane. ¿Que actuacións se realizaron para dar cumprimento a moción aprobada no pleno ordinario do 24/11/16 sobre o vertido de augas pluviais ás rúas polo mal estado de canalóns de recollida e baixantes?

Sr. Alcalde. Contesta que se comentou con rehabilitación, pero aínda están cos requerimentos de casas que están en mal estado.

#### **Pregunta orais formulada polo partido político da CIPa.**

1.- Sr. Rodríguez Carbia. Que pasa cos coches que están aparcando de seguido no Espolón.

Sr. Alcalde. Contesta que deben controlarse e deberían estar multados.

#### **Preguntas orais formuladas polo partido político do BNG.**

1.- Sr. Santaló Ríos. Con respecto á moción do BNG para dotar de pasos de peóns aos semáforos e liña discontínua na N-550 na avenida Pontecesures e na avenida Camilo José Cela. ¿Que xestións fixeron?.

Sr. Alcalde. Comenta que estiveron en Carreteras e algún paso llo denegaron e noutros din que o Concello ten que poñer o semáforo.

2.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta se solicitaron a subvención de Política Lingüística.

Sr. Alcalde. Contesta que non porque se tiña que contratar ao persoal.

3.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta para cando estiman que empezarán as clases de piano.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora secretaria.

Sra. Secretaria. Contesta que agora mesmo acábese de sacar a resolución dos admitidos e excluídos definitivos no procedemento e nomear o tribunal. Que hai un problema porque estaba nomeado o tribunal e chegou unha carta do Concello de Brión que non autorizan á persoa que estaba nomeada para formar parte do tribunal.

4.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta se teñen pensado tomar algunha medida para mellorar a seguridade na canle de regadío de Vista Alegre.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que xa se lle puxo unha reixa nas tubaxes que baixan.

#### **Preguntas orais formuladas polo grupo político municipal do PGD.**

1.- Sr. Rodríguez Conde. Pregunta cal é o nome da empresa que se presentou á licitación do lixo.

Sr. Alcalde. Contesta que Fomento de Construcciones y Contratas.

2.- Sr. Rodríguez Conde. Pregunta se están pagados todos os anuncios do libro de Pascua do 2016.

Sr. Alcalde. Contesta, pendente de comprobar os datos, que teñen ingresado algo máis de 10.000 euros no Concello dun total de 12.000 euros.

#### **Preguntas orais formuladas polo partido político de AxP.**



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.es](http://www.padron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

1.- Sr. González Pardal. Con respecto aos bolardos que se tiñan comprado, pregunta cantas veces se utilizaron.

Sr. Alcalde. Contesta que na Pascua.

Sr. González Pardal. Pregunta si lle poden mandar algunha foto cando os utilicen.

2.- Sr. González Pardal. Pregunta si se vai crear un gabinete de comunicación para o tema da Pascua.

Sr. Alcalde. Contesta que probablemente si.

3.- Sr. González Pardal. Pregunta, en canto ao tema das vallas do campo de fútbol, si tomaron algunha medida máis.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

4.- Sr. González Pardal. Co tema da accesibilidade do Convento non lle quedou claro se ao final se tiña suprimido como centro homologado para impartir cursos alí.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

### Preguntas orais formuladas polos grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Piñeiro Otero. Pregunta se nas actividades deportivas este ano van incluír a de ximnasio.

Sr. Alcalde. Contesta que cree que non.

2.- Sr. Piñeiro Otero. Pregunta cal foi o motivo.

Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe.

Sr. Piñeiro Otero. Dille que foi porque non tiñan máquinas.

O señor Alcalde dalle un 1º aviso ao señor Piñeiro Otero.

Sendo as vinte e dúas horas e corenta minutos, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, ásina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez

